

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR462B).

O 13 de febreiro de 2020 publicáronse no *Diario Oficial de Galicia* as bases reguladoras das subvencións destinadas á elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural no marco do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020. O 17 de abril de 2020 publicouse unha modificación da dita orde.

Estas axudas tiñan como finalidade aplicar actuacións vencelladas á medida 8.31 (prevención dos danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes), que figura no PDR de Galicia 2014-2020.

Estas axudas están recollidas no Regulamento (UE) nº 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axudas nos sectores agrícola e forestal e nas zonas rurais compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, e foron comunicadas por España á Comisión Europea e publicadas na páxina web da Comisión (https://ec.europa.eu/competition/elojade/isef/case_details.cfm?proc_code=3_SA_43021) o 20 de outubro de 2015, coa clave SA.43021 (2015/XA).

No PDR de Galicia 2014-2020, en concreto na medida 8.31 (prevención dos danos causados por incendios, desastres naturais e catástrofes) prevese a concesión de axudas mediante subvención aos investimentos realizados para a redacción e implementación de instrumentos de ordenación ou xestión forestal nos cales se explicitaran as medidas para a prevención dos incendios forestais, prevención e loita contra pragas e enfermidades, con especial atención aos riscos das pragas emerxentes, así como de prevención fronte a outros riscos naturais.

A experiencia na xestión desas axudas no ano 2020 supón modificar procedementos e condicións na súa tramitación que xustifican a elaboración dunhas novas bases reguladoras.



En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e na demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para a elaboración de instrumentos de ordenación ou xestión forestal, en réxime de concorrencia competitiva (código de procedemento MR462B), e se convocan para o ano 2022 (medida Feader 8.3).

2. Estas axudas ampáranse nos artigos 21.1 e 22 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello (DOUE do 20 de decembro, L347), e tramítanse ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, aprobado pola Decisión de execución da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro, e modificado mediante a Decisión de execución da Comisión C (2017) 5420 final, do 26 de xullo; pola Decisión de execución da Comisión C (2018) 5236 final, do 30 de xullo; pola Decisión de execución da Comisión, C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro, e pola Decisión de execución da Comisión, C (2021) 4527 final, do 17 de xuño.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. O disposto nesta orde será de aplicación para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con exclusión:

- a) Dos bosques ou doutras superficies forestais que sexan propiedade da Administración central, autonómica ou local.
- b) Dos bosques e doutras superficies forestais propiedade da Coroa.
- c) Dos bosques que pertencen a empresas públicas.



d) Dos bosques propiedade de persoas xurídicas, cando polo menos o 50 % do seu capital pertenza a algunha das institucións anteriormente citadas.

e) Dos terreos cun proceso iniciado de expropiación forzosa.

f) Dos montes consorciados coa Administración que non teñan solicitado o cambio de consorcio a convenio na data en que remate o prazo de solicitude da axuda.

2. No caso de montes propiedade do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais, a axuda poderá ser concedida se o órgano que xestiona esas terras é un organismo privado.

3. Tamén serán elixibles as actuacións en montes que teñan subscrito un convenio coa Xunta de Galicia ou en montes que teñan solicitado o cambio de consorcio a convenio.

Artigo 3. *Beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias as entidades locais e as persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares dos terreos obxecto de axuda, entendendo por titulares tanto propietarios como arrendatarios ou xestores dos montes ou terreos forestais e/ou dos seus aproveitamentos, que actúen mediante arrendamentos ou contratos plurianuais coa propiedade cuxo obxecto sexa inequivocamente a xestión do monte ou terreo forestal e/ou dos seus aproveitamentos.

En concreto, poderán ser beneficiarias as sociedades de fomento forestal (Sofor), os propietarios particulares de forma individual, as asociacións e agrupacións de propietarios particulares formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os pro indivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, outras persoas xurídicas, as entidades locais e as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) que cumpran o establecido no parágrafo anterior.

2. Os beneficiarios deben cumprir os requisitos establecidos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As CMVMC deberán estar legalmente constituídas e regulamentariamente inscritas no Rexistro Provincial de CMVMC, de acordo co disposto no artigo 57 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento para a execución da Lei 13/1989, do



10 de outubro, de montes veciñais en man común, para poderen acceder a estas subvencións e cumprir co disposto no artigo 125 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e no Decreto 23/2016, do 25 de febreiro, polo que se regula o reinvestimento dos ingresos obtidos polas CMVMC en actuacións de mellora e protección forestal como moito o día en que remate o prazo de solicitude da axuda.

4. As Sofor deberán ter a inscrición definitiva no Rexistro de Sociedades de Fomento Forestal, como moi tarde o día en que remate o prazo de solicitude da axuda.

5. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do Regulamento (UE) nº 702/2014, da Comisión, do 25 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda nos sectores agrícola e forestal e en zonas rurais compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea. Unha empresa está en crise cando concorre polo menos unha das seguintes circunstancias:

a) De tratarse dunha sociedade de responsabilidade limitada, cando desaparecese máis da metade do seu capital social subscrito como consecuencia das perdas acumuladas, circunstancia que sucede cando a dedución das perdas acumuladas das reservas (e de todos os demais elementos que se adoitan considerar fondos propios da sociedade) conduce a un importe acumulativo negativo superior á metade do capital social subscrito.

b) De tratarse dunha sociedade na cal polo menos algúns socios teñen unha responsabilidade ilimitada sobre a débeda da sociedade, cando desaparecese polas perdas acumuladas máis da metade dos seus fondos propios que figuran na súa contabilidade.

c) Cando a empresa estea inmersa nun procedemento de quebra ou insolvencia ou reúna os criterios establecidos legalmente para ser sometida a un procedemento de quebra ou insolvencia por pedimento dos seus acredores.

As pemes con menos de tres anos de antigüidade non se considerarán empresa en crise salvo que cumpran a condición establecida na letra c).

Para verificar o cumprimento deste requisito, as empresas solicitantes deberán declarar na solicitude que non se encontran en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



6. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 4. *Intensidade da axuda*

A intensidade da axuda para estas actuacións será do 100 % e calcularase a axuda sobre o custo real do investimento determinado na oferta máis económica das presentadas, excepto que se xustifique expresamente nunha memoria que a proposta recae nalgunha das outras, tendo en conta o anexo II en que figura o cadro de importes máximos subvencionables por cada tipo de instrumento de ordenación e xestión forestal (IOXF, en diante).

Artigo 5. *Actuacións obxecto de axuda*

1. Poderán ser obxecto de axuda algún dos IOXF elaborados para os montes ou terreos forestais, que conforme o artigo 8.18 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, se correspondan con algunha das seguintes categorías:

a) Como instrumento de ordenación forestal: o proxecto de ordenación (PO).

b) Como instrumentos de xestión forestal:

1º. Documento simple de xestión (DSX).

2º. Documento compartido de xestión (DCX).

3º. Documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos (MS). Só serán obxecto de axuda nos casos de superficie inferior ou igual ás 15 hectáreas en couto redondo para unha mesma propiedade.

2. Neste senso, poden ser obxecto de axuda para a elaboración de IOXF, os montes que o teñan en vigor e que se atope o plan especial no ano 2021, 2022 ou 2023 no seu último ano de vixencia, sempre e cando se executaran as actuacións do plan especial, especialmente aquelas referidas aos aproveitamentos finais e posteriores accións de rexeneración, por seren estas as que transforman o monte ata un estado ordenado. De xeito excepcional, determinadas actuacións planificadas no dito plan especial puideron non ser obxecto de execución, e deben, en calquera caso, xustificalo de forma motivada por un técnico competente na materia. Serán obxecto de axuda, igualmente, aqueles IOXF nos cales o plan especial finalizou con anterioridade ao 2019.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



3. Igualmente, poderán ser obxecto de axuda para a elaboración de IOXF os montes que viñan de sufrir (con posterioridade á solicitude de aprobación do IOXF) incendios, desastres naturais ou catástrofes que causasen a destrución de, cando menos, o 20 % do potencial forestal obxecto de ordenación ou xestión.

4. O IVE non é subvencionable.

Artigo 6. *Condicións técnicas*

1. Os IOXF serán redactados por persoal técnico competente en materia forestal, entendendo por tal persoal o que se define no artigo 8.24 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia. A administración poderá solicitar que acredite documentalmente a súa titulación.

2. No caso de que as persoas interesadas opten pola comunicación do documento de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos, non será precisa a intervención do persoal técnico competente en materia forestal.

Artigo 7. *Condicións de elixibilidade*

1. No caso de acreditación da existencia dun IOXF en vigor, e que se atope o plan especial no ano 2021, 2022 ou 2023 no seu último ano de vixencia, será necesario informe técnico asinado por persoal técnico competente en materia forestal, axunto á solicitude de axuda, onde se acrediten que as actuacións planificadas (plan especial) foron executadas ou alternativamente xustificadas as razóns, exclusivamente técnicas, que aconsellaron a súa non execución.

Nos montes que veñan de sufrir (con posterioridade á solicitude de aprobación do IOXF) incendios, desastres naturais ou catástrofes que causasen a destrución de, cando menos, o 20 % do potencial forestal obxecto de ordenación ou xestión, deberase cuantificar a superficie afectada polos danos, con referencia ao período no que aconteceu dito dano, mediante informe técnico asinado por persoal técnico competente en materia forestal, axunto á solicitude de axuda.

2. Por outra banda e por entender que non é necesario o investimento público sobre actividades rendibles, non serán elixibles os proxectos de ordenación, e documentos simples ou compartidos de xestión cuxo plan xeral estableza unha superficie superior ao 15 % da



superficie total ordenada, onde a especie principal ou secundaria sexa do xénero *Eucalyptus*. Aplicarase mesmo criterio para os documentos de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos cuxa superficie total teñan vinculados en máis dun 15 % da súa cabida modelos silvícolas do xénero *Eucalyptus*.

3. Os IOXF aplicaranse sobre a totalidade do monte. Non se admitirán aquelas solicitudes que exclúan unha parte do monte; en particular, as CMVMC ordenarán toda a superficie que estea clasificada ao seu nome, excepción feita dos actos de disposición distintos da servidume para xestión diferenciada que poden ser ordenados de forma separada. Todo elo, respectando o precepto legal, polo cal as partes do monte respecto das cales exista conflito ou litixio, en canto non se resolva o litixio ou non se adopte unha decisión xudicial ou administrativa ao respecto, non se incluírán na superficie obxecto de ordenación ou xestión polos IOXF.

4. Non se admitirán solicitudes que ordenen ou xestionen superficies que se beneficiaran dunha subvención anterior dirixida á elaboración ou comunicación dun IOXF, cofinanciada con Feader dentro do PDR de Galicia 2014-2020.

5. A memoria técnica a presentar na solicitude, indicada no artigo 12.1.a).4º, deberá conter, como mínimo:

a) Tipo de instrumento para o que se solicita a subvención e acreditación da súa necesidade, de acordo co establecido no Decreto 52/2014, coas superficies (en hectáreas) do monte ou parcela/s forestais. No caso de CMVMC indicárase a superficie clasificada para a totalidade do monte. No caso de particulares, indicárase a superficie total do monte da súa propiedade obxecto do instrumento. Para os MS estas superficies deberán vir desagregadas polas referencias catastrais en formato Libre Office Calc (.ods), segundo o indicado no anexo III.

b) Para o caso de PO, DSX e DCX (e segundo as definicións dispostas no Anexo I):

1º. Superficie inicial a excluír da ordenación ou xestión.

2º. Superficie proposta de ordenación ou xestión.

3º. Superficie forestal arborada incluída na superficie proposta de ordenación ou xestión.

4º. Exclusivamente para PO, superficie obxecto de inventario (ocupada polos estratos obxecto de aproveitamento final ao longo do plan especial) incluída na superficie forestal arborada.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



6. Nos montes ou terreos forestais inscritos no Rexistro de Montes Ordenados, ao abeiro do establecido no artigo 126 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, só poderán ser obxecto de axudas aquelas actuacións contempladas nos plans especiais en vigor, agás que os ditos montes se atopen baixo un sistema de certificación forestal internacionalmente recoñecido ou a persoa titular achegue unha declaración responsable onde certifique que se executaron ou, de ser o caso, se comprometa a executar, o 70 % das actuacións previstas no plan especial. Se tras os posibles controis administrativos nos seguintes 5 anos, se demostra que non se acadou a dita porcentaxe, procederase a tramitar o correspondente expediente de reintegro das axudas correspondentes ás actuacións subvencionadas, toda vez que o dito incumprimento será unha das causas xustificadas para a tramitación do devandito expediente.

Artigo 8. *Compromisos*

1. Os beneficiarios comprométense, nos cinco anos contados desde a data da solicitude do pagamento final da axuda, a manter as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes, excepto as que deriven da execución do plan especial aprobado (variacións de superficie arborada e/ou de inventario), ou ben as debidas a causas excepcionais ou de forza maior indicadas no artigo 19 punto 1.d) da presente orde.

No caso de agrupacións de propietarios, a responsabilidade do bo fin da actuación será exigible a cada propietario membro da agrupación segundo a lexislación aplicable en cada caso. Ademais os integrantes da agrupación comprométense a levar unha xestión conxunta da masa durante dez anos, contados a partir da data de pagamento da axuda.

2. Se unha vez efectuada a solicitude e antes da aprobación, o terreo fose obxecto dun incendio forestal ou queima do mato, o beneficiario deberá comunicalo inmediatamente, por escrito, ao servizo provincial responsable dos recursos forestais, co obxecto de adecuar a memoria e a documentación técnica presentada á nova realidade física do terreo.

3. No caso de abandono ou destrución da masa por calquera causa, agás forza maior allea ao beneficiario, suspenderanse todas as axudas pendentes relacionadas con esta orde ata que sexa restaurada a superficie abandonada ou destruída, total ou parcialmente, sen prexuízo dos compromisos adquiridos e das responsabilidades que deriven. O solicitante estará obrigado a comunicar no prazo máximo dun mes os feitos e circunstancias que provocaron a destrución da totalidade ou de parte da masa.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



4. O beneficiario comprométese en todo momento a facilitar as tarefas de inspección ao persoal adscrito á consellería competente no medio rural nas materias relacionadas nesta orde.

5. Nos montes conveniados que formen parte do Sistema de xestión forestal sustentable da Xunta de Galicia, os beneficiarios das axudas comprométense a cumprir co establecido no manual de boas prácticas na xestión forestal sustentable.

6. Para os PO, DCX e DSX, na presentación de solicitude de pagamento e xustificación, os beneficiarios deberán presentar a solicitude administrativa cursada para a súa aprobación polo órgano forestal no procedemento MR627A, MR627B ou MR627C segundo proceda. No caso dos MS, na presentación da solicitude de pagamento e xustificación, os beneficiarios deberán axuntar o xustificante da presentación de comunicación prevista no procedemento MR627D da Sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. Para os PO, DCX e DSX, obxecto de axuda ao abeiro desta Orde, deberán solicitar a súa aprobación de acordo co establecido no Decreto 52/2014, de 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia, e realizar todas as xestións necesarias ata lograr a súa aprobación. De ser necesario, someterase o instrumento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental. O instrumento deberá estar aprobado no prazo dun ano, ou dous anos no caso de ser necesaria a avaliación de impacto ambiental, contado desde o seguinte día á solicitude de pagamento e xustificación presentada. Este prazo poderase ampliar previa solicitude do beneficiario na que xustifique a necesidade da ampliación, sempre e cando o atraso na aprobación do instrumento sexa por causas non imputables ao beneficiario.

8. Todos os IOXF obxecto de axuda ao abeiro desta Orde, deberán dispor no prazo dun ano, ou dous anos no caso de ser necesaria a avaliación de impacto ambiental, contado desde o seguinte día á solicitude de pagamento e xustificación presentada, a certificación forestal mediante, cando menos, un sistema internacionalmente recoñecido. Este aspecto verificarase coa axuda das organizacións responsables de ditos sistemas e o seu incumprimento dará lugar á revogación da axuda concedida tras a resolución do correspondente acordo de inicio de reintegro.

9. No caso de cesións de pagamento, o titular da conta bancaria debe coincidir co cesionario e comprométese a manter a conta aberta ata o final do proceso de xestión da axuda.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



Artigo 9. Prioridades

1. Establecerase unha orde de prioridade segundo a seguinte prelación tendo en conta que a data de referencia á hora de computar os méritos será a correspondente ao derradeiro día de presentación de solicitudes. As solicitudes presentadas ordenaranse de acordo cos criterios de prioridade indicados na seguinte epígrafe, e aprobaranse os proxectos de maior a menor puntuación ata esgotar o orzamento dispoñible:

A) En función do tipo de monte (puntuarase empregando so o maior dos valores):

a) Os montes inscritos no Catálogo de montes de utilidade pública ou os montes protectores, 1 punto.

b) Os montes veciñais en man común, 3 puntos.

c) Os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, 3 puntos.

d) As sociedades de fomento forestal, Sofor, 5 puntos.

e) Calquera outra forma de agrupación da propiedade ou da xestión forestal recoñecida pola Administración forestal, 3 puntos.

B) En función das características do monte:

a) Os montes que dispoñan dun proxecto de ordenación ou instrumento de xestión forestal aprobado pola Administración forestal e cursen a solicitude durante o seu último ano de vixencia logo do cumprimento do plan especial en vigor, 1 punto.

b) Os montes que dispoñan dun proxecto de ordenación ou instrumento de xestión forestal aprobado pola Administración forestal e cursen a solicitude antes do seu último ano de vixencia, en caso de sufrir (con posterioridade á solicitude de aprobación do instrumento) incendios, desastres naturais e catástrofes que causasen a destrución do 20 % do potencial forestal como mínimo, 1 punto.

c) Montes con certificación forestal co sistema PEFC ou FSC: 1 punto.

d) Montes situados en parroquias de alta actividade incendiaria, 8 puntos.

e) Montes situados en zonas de alto risco de incendio forestal (ZAR), 9 puntos.



f) Montes con masas consolidadas de frondosas autóctonas inscritas, ou en proceso de inscrición, no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, 6 puntos.

g) 40 puntos se as actuacións se atopan nas seguintes superficies incluídas en:

1º. A área demarcada establecida polo artigo 2 do Decreto 10/2011, do 28 de xaneiro, polo que se declara de utilidade pública a erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus* (Steiner et Buhner) Nickle et al., e se ordenan as medidas para evitar a súa propagación (DOG nº 24, do 4 de febreiro);

2º. O anexo IV da Resolución do 28 de decembro de 2018, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se declara no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia a presenza de cinco novos positivos do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* e se ordena comezar as medidas para a súa erradicación (DOG nº 8, do 11 de xaneiro de 2019).

3º. Os puntos 1.a) e b) da Resolución do 6 de abril de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se dá publicidade ao inicio da execución de medidas fitosanitarias para a erradicación do organismo de corentena *Bursaphelenchus xylophilus* na zona demarcada de As Neves e na franxa tampón de 20 quilómetros coa fronteira con Portugal (DOG nº 76, do 20 de abril).

C) En función do tipo de instrumento:

a) Montes que se ordenen mediante un documento compartido de xestión, sempre que a superficie ordenada forme, polo menos, un couto redondo de 15 a 25 hectáreas, 10 puntos.

b) Montes que se ordenen mediante un documento compartido de xestión, sempre que a superficie ordenada forme, polo menos, un couto redondo de 25 a 50 hectáreas, 15 puntos.

c) Montes que se ordenen mediante un documento compartido de xestión, sempre que a superficie ordenada forme, polo menos, un couto redondo de 50 a 75 hectáreas, 20 puntos.

d) Montes que se ordenen mediante un documento compartido de xestión, sempre que a superficie ordenada forme un couto redondo de mais de 75 hectáreas, 25 puntos.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



e) Montes que deban ordenarse mediante un documento simple de xestión, 20 puntos.

f) Montes que deban ordenarse mediante un proxecto de ordenación (excluídos os do artigo 7.a) do Decreto 52/2014), cando a superficie a ordenar sexa inferior a 50 hectáreas, 5 puntos.

g) Montes que deban ordenarse mediante un proxecto de ordenación (excluídos os do artigo 7.a) do Decreto 52/2014), cando a superficie estea entre 50 e 100 hectáreas, 10 puntos.

h) Montes que deban ordenarse mediante un proxecto de ordenación (excluídos os do artigo 7.a) do Decreto 52/2014), cando a superficie a ordenar estea entre 100 e 200 hectáreas, 15 puntos.

i) Montes que deban ordenarse mediante un proxecto de ordenación (excluídos os do artigo 7.a) do Decreto 52/2014), cando a superficie a ordenar estea entre 200 e 500 hectáreas, 20 puntos.

k) Montes que deban ordenarse mediante un proxecto de ordenación (excluídos os do artigo 7.a) do Decreto 52/2014), cando a superficie a ordenar sexa maior ou igual a 500 hectáreas, 25 puntos.

l) Proxectos de ordenación nos que o plan especial teña unha duración de 10 anos, 1 punto.

3. A puntuación máxima será de 50 puntos, mentres que a mínima será de 15 puntos. En caso de empate, desempatarase polos seguintes criterios, segundo sexa o tipo de beneficiario, e na orde que se establece:

a) Situación en zonas de alto risco de incendio forestal.

b) Situación da actuación para apoiar medidas de erradicación do organismo de corentena do nematodo do piñeiro *Bursaphelenchus xylophilus*.

c) Montes nos que existan masas consolidadas de frondosas autóctonas inscritas, ou en proceso de inscrición, no Rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas.

d) Maior superficie de ordenación ou xestión.



e) Menor data de solicitude.

Artigo 10. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, tanto para as persoas xurídicas como para as persoas físicas, a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. As persoas físicas ás que se fai referencia no artigo 3 poden ser autónomas ou non autónomas, estando en ambos casos obrigadas á presentación electrónica por dispoñer de capacidade suficiente para acceder aos medios electrónicos. Deberán presentar a solicitude correctamente cuberta conforme o anexo IV, xunto co resto de anexos se fose necesario. Os datos da solicitude que se citan a seguir considéranse o mínimo imprescindible para a súa tramitación, polo que a inexactitude, falsidade ou omisión de calquera dos datos determinará a imposibilidade de continuar coa tramitación da subvención e dará lugar á inadmisión da solicitude ou á súa revogación, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedesen. Estes datos son:

- a) Datos da persoa solicitante (nome, apelidos, NIF e enderezo completo).
- b) En todos os casos, correo electrónico ou teléfono móbil.
- c) Datos do tipo de solicitante.
- d) Tres ofertas de diferentes provedores.

No caso de que algún dos documentos do apartado d) teña erros ou precise completar algún dato, requirirase para a súa emenda, non dando lugar á inadmisión da solicitude

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



sempre e cando estean presentadas as tres ofertas e sexan de provedores que estean dados de alta no Resfor.

3. Só se poderá subvencionar un instrumento de ordenación en cada monte.

4. Toda a información para a presentación de solicitudes está dispoñible na Guía de procedementos e servizos no enderezo <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>. Tamén se poderá acceder a través da Oficina Agraria Virtual (OAV) dispoñible no enderezo http://mediorural.xunta.gal/es/institucional/oficina_virtual/

5. A presentación da solicitude non implica ningún dereito para o peticionario mentres non exista resolución favorable á petición.

Artigo 11. *Prazos*

1. O prazo de presentación de solicitudes será de corenta e cinco días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Os investimentos non poderán iniciarse antes de solicitar a axuda no prazo de presentación de solicitudes.

3. Aqueles IOXF cuxa solicitude de aprobación fose presentada antes da entrada en vigor da presente orde de axudas non serán válidos para a xustificación do pagamento.

Artigo 12. *Documentación necesaria para a tramitación do procedemento*

1. Documentación que se deberá presentar xunto coa solicitude (anexo IV):

a) Documentación xeral:

1º. No caso de que actúe por medio de representante, deberá acreditar a representación por un medio válido en dereito, só no caso de non estar inscrito no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia.

2º. Acreditación da propiedade:

No caso das CMVMC, de montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, e das Sofor, deberán presentar declaración responsable para acreditar a propiedade de acordo cos datos que figuren no seu correspondente rexistro.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



No caso de propietarios particulares de xeito individual mediante algún dos seguintes documentos: escritura pública ou privada (na que se inclúa a relación catastral das parcelas e permita xustificar a propiedade ou outro dereito adquirido), contrato de xestión, inscrición rexistral das fincas, ou xustificante do pagamento do IBI.

Ademais, a propiedade tamén poderá acreditarse se as parcelas nas que se solicitan as actuacións da subvención figuran na base de datos da dirección xeral competente en materia de catastro a nome da persoa que solicita a axuda, ou se a persoa solicitante figura como titular dunha explotación agraria no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia así como as fincas sobre as que se solicita a axuda. Nestes dous casos a comprobación de datos farase de acordo co establecido no artigo 13.

No caso de pro indivisos, asociacións e agrupación de propietarios legalmente constituída, excepto SAT e cooperativas, mediante unha copia do documento que acredite a propiedade dos terreos (só para os efectos desta orde).

No caso de agrupacións de propietarios legalmente constituídas (SAT ou cooperativas) mediante informe do responsable do Rexistro de SAT e do responsable do Rexistro das Cooperativas de Galicia.

No caso de titulares non propietarios do terreo, copia do contrato de arrendamento ou de xestión cunha duración equivalente, polo menos, ao período de compromiso da axuda.

3º. En todos os casos o solicitante deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, nas cales figurarán detalladas as actuacións que se van realizar. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis favorable, sen que se admitan as ofertas que procedan de empresas vinculadas entre elas nin coa persoa solicitante da axuda, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público. Estas ofertas deberán estar asinadas e incluír, como mínimo, o NIF, nome e enderezo da empresa ofertante, o nome ou razón social da persoa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados. Así mesmo, as empresas e persoas individuais que sexan responsables deses orzamentos deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



4º. As persoas solicitantes deberán presentar memoria en formato PDF ou similar, e estando dita memoria, para o caso de PO, DCX e DSX, asinada por persoal técnico competente en materia forestal.

5º. Para o caso de PO, DSX e DCX, xustificante de carga dos ficheiros da planimetría na aplicación de Xestión e Ordenación Forestal, Xorfor, en formato *shapefile* consonte o anexo III. Estes ficheiros deberán cargarse a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, e o código do instrumento que se lle asigne deberá indicalo no Anexo IV da solicitude.

6º. No caso de acreditación da existencia dun IOXF en vigor, e que se atope o plan especial no ano 2021, 2022 ou 2023 no seu último ano de vixencia, informe técnico asinado por persoal técnico competente en materia forestal, onde se acrediten que as actuacións planificadas (plan especial) foron executadas ou alternativamente xustificadas as razóns, exclusivamente técnicas, que aconsellaron a súa non execución.

7º. Documentación xustificativa que acredite que a superficie obxecto de solicitude está baixo certificación forestal consonte algún dos sistemas recoñecidos internacionalmente (PEFC ou FSC), no caso de dispor da dita certificación.

b) Documentación específica:

1º. Para asociacións ou agrupacións formalmente constituídas inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia, presentarán asinado por todos e cada un dos compoñentes da agrupación o anexo V ou acordo de cesión. A asociación ou agrupación deberá estar inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia na data do remate do prazo da solicitude de axuda.

2º. Para pro indiviso, de varas, fabeo, de vocerío, de voces, abertais e comunidade de bens, presentarán asinado por todos e cada un dos seus compoñentes o anexo VI «Acordo de compromisos e obrigas» e deberán presentar a acreditación da persoa física que as representa.

c) Documentación complementaria:

1º. No caso de CMVMC: certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado polo secretario co visto e praxe do presidente, conforme autorizan que o presidente da CMVMC solicite axudas á consellería competente no medio rural para a execución das accións obxecto da solicitude.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



2º. No caso de cooperativas agrarias: certificado do secretario conforme o anexo X.

3º. No caso doutras entidades xurídicas (asociacións, agrupacións, Sofor etc.): certificado do secretario conforme o anexo X.

4º. No caso de entidades locais: certificado do secretario municipal consonte se informou á comisión de goberno da solicitude de axuda.

2. A documentación xeral, específica e complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación xeral, específica ou complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se deben presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tiver un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. Malia o indicado nos parágrafos anteriores, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente ante calquera administración pública. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar no anexo IV en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

4. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstas nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



administrativo común das administracións públicas, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

5. Nos supostos de imposibilidade material de obter algún dos anteriores documentos, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

6. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na Sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 13. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI/NIE da persoa solicitante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- d) DNI/NIE da persoa cesionaria (se for o caso).
- e) NIF da entidade cesionaria (se for o caso).
- f) DNI/NIE da persoa representante da persoa cesionaria (se for o caso).
- g) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social a persoa solicitante e, se for o caso, a persoa cesionaria.
- h) Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias (AEAT) a persoas solicitante e, se for o caso, a persoa cesionaria.
- i) Estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda a persoa solicitante e, se for o caso, a persoa cesionaria.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



- j) Estar inhabilitada a persoa solicitante para obter subvencións públicas.
- k) Ter recibido a persoa solicitante axudas pola regra *de minimis*.
- l) Concesións de subvencións e axudas.
- m) Consulta na dirección xeral competente en materia de catastro da titularidade das parcelas catastrais polas que se solicita a axuda (se for o caso).
- n) Consulta da inscrición como titular dunha explotación agraria e das parcelas polas que solicita a axuda no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (se for o caso).
- ñ) Consulta das parcelas polas que solicita a axuda no Rexistro das Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) a nome da SAT solicitante (se for o caso).
- o) Consulta das parcelas polas que solicita a axuda no Rexistro de Cooperativas de Galicia a nome da cooperativa solicitante (se for o caso).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no anexo IV, e anexo IX (no caso das persoas cesionarias), e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 14. *Tramitación*

1. Os órganos competentes para tramitar esta orde de axudas son a subdirección xeral responsable dos recursos forestais e os servizos responsables dos recursos forestais das xefaturas territoriais da Consellería do Medio Rural (en diante, servizos provinciais de montes).

2. As solicitudes presentadas enviaranse, revisaranse e codificaranse nos servizos provinciais de Montes. As solicitudes en que non figuren os datos obrigatorios establecidos no artigo 10.2 desta orde non serán admitidas a trámite.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



3. Os servizos provinciais de montes examinarán as solicitudes presentadas e, de ser o caso, requiriran aos solicitantes que, no prazo máximo de dez días hábiles, acheguen a documentación non presentada e, no caso de que as solicitudes conteñan defectos ou omisións, as emenden, conforme se establece no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste requirimento indicárase ademais que, se non se emendase, se terá por desistido da súa petición, nos termos previstos na citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Os servizos provinciais de montes analizarán a documentación presentada coa solicitude. No caso de discrepancia entre a solicitude/declaración xurada e a documentación acreditativa dos criterios obxecto da priorización na axuda, dado que se trata dun procedemento por concorrència competitiva que afecta a terceiros, a solicitude declarárase decaída no seu dereito a trámite.

En caso de que o proxecto sexa de cantidade económica superior ao estimado na solicitude, prevalecerá a contía reflectida na solicitude.

5. Unha vez tramitadas as solicitudes, o/a xefe/a territorial de cada provincia propondrá a relación de solicitudes que cumpren os requisitos da convocatoria e as que non os cumpren ou non se axustan, indicará a súa causa de incumprimento, e a remitirá á subdirección xeral responsable dos recursos forestais.

6. Posteriormente, a subdirección xeral responsable dos recursos forestais emitirá un informe onde se reflectan os criterios de priorización e as solicitudes que, de acordo coa clasificación realizada atendendo a estes criterios, cubren a dispoñibilidade orzamentaria, e formulará a proposta de resolución que, de acordo co artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, resolverá a persoa titular da dirección xeral responsable da planificación e ordenación forestal por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural.

7. A aprobación das axudas solicitadas en réxime de concorrència competitiva axustárase aos principios de publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación.

8. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de cinco meses, contados a partir do día seguinte da finalización do prazo para a presentación de

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihogw5



solicitudes. Este prazo poderase ampliar segundo o indicado no artigo 23 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da mesma lei.

9. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o titular da Consellería do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución.

10. No caso de non se ditar resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da mesma lei. Contra esta desestimación poderá interpor:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro responsable do medio rural, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 15. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, con excepción das resolucións de aprobación e denegación das axudas, que se farán de acordo co establecido no apartado 6 deste mesmo artigo.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihogw5



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Malia o establecido nos anteriores apartados, as notificacións das resolucións de aprobación e denegación destas axudas realizaranse mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación das causas da desestimación e expresaranse, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e o prazo para interpoñelos. Tamén figurará a puntuación de todas as solicitudes que entran no procedemento de concorrencia competitiva.

7. Na notificación de concesión da axuda informarase aos beneficiarios de que a operación se financia en virtude dun programa cofinanciado polo Feader, así como da medida e da prioridade do PDR de que se trata.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



Artigo 16. *Inspeccións previas*

Funcionarios da Consellería competente no medio rural realizarán unha comprobación en gabinete para verificar as distintas superficies planimetradas e intersectadas que foron entregadas coa memoria, apoiándose para elo na cartografía e ortoimaxes do repositorio de Datos Territoriais do Instituto de Estudos do Territorio (IET). Este traballo de gabinete poderase ver complementado cunha inspección no campo a fin de comprobar a realidade xeométrica das superficies polas que se solicita axuda. Esta inspección realizarase antes da resolución de aprobación. Unha diferenza superior ao 20 % entre os datos achegados coa solicitude/documentación e as comprobacións que resulten na inspección previa implicará a denegación da solicitude de axuda; no caso de que nas comprobacións que resulten na inspección previa, os datos sexan superiores aos achegados na solicitude/documentación non procederá a denegación.

Artigo 17. *Execución dos traballos*

1. O prazo para executar e xustificar as axudas concedidas nesta orde remata o 30 de abril de 2022, para propietarios particulares de xeito individual, sociedades e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrícolas, pro indivisos, entidades locais, comunidades de bens e outras persoas xurídicas (S.A., S.L., ...) e o 30 de xuño de 2022 para CMVMC e montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo.

2. O custo de execución dos traballos subvencionados non pode ser superior ao valor de mercado.

3. Os traballos subvencionados deberán ser realizados por persoas físicas ou xurídicas inscritas no Rexistro de Empresas do Sector Forestal (Resfor).

4. A axuda definitiva será a resultante da comprobación final realizada por dúas persoas da consellería competente no medio rural.

Coa comprobación final poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, sempre que se acade o mínimo de actuación esixible para obter a axuda.

A comprobación final basearase en verificar que os IOXF presentados cumpren coas exigencias legais dispostas na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e en particular co Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia. Para estes efectos poderanse empregar para

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



esta comprobación os mesmos informes de valoración administrativos que os actualmente empregados para a aprobación dos IOXF.

5. De acordo co artigo 63 do Regulamento de execución 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, os pagamentos calcularanse sobre a base dos importes que se consideren admisibles durante os controis administrativos contemplados no artigo 48 dese regulamento e realizados por persoal da Consellería competente no medio rural que examinará a solicitude de pagamento presentada polo beneficiario e determinará os importes admisibles. Ademais fixará:

a) O importe que lle deberá pagar ao beneficiario en función da solicitude de pagamento e a decisión de concesión.

b) O importe que lle deberá pagar ao beneficiario tras o exame da admisibilidade do gasto que figure na solicitude de pagamento.

Se o importe fixado segundo a letra a) supera o importe fixado segundo a letra b) en máis dun 10 %, aplicarase unha sanción administrativa ao importe fixado segundo a letra b). O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

Porén, non se aplicarán sancións cando o beneficiario poida demostrar a satisfacción da autoridade competente, que non é responsable da inclusión do importe non admisible ou cando a autoridade competente adquira doutro modo a convicción de que o beneficiario non é responsable diso.

6. Atendendo ao artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase conceder a ampliación do prazo de execución establecido, que non exceda a metade del, se as circunstancias o aconsellan e con isto non se prexudican dereitos dun terceiro. Esta ampliación deberá solicitarse, como mínimo, dous meses antes de que acabe o prazo de execución. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou sobre a súa denegación non serán susceptibles de recurso. Os servizos provinciais de montes proporánlle tales ampliacións á subdirección xeral responsable dos recursos forestais, que elevará a proposta ao/a director/a xeral responsable da planificación e ordenación forestal para a súa aprobación con base nas funcións delegadas polo conselleiro responsable do medio rural para resolver.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



7. Transcorrido o prazo establecido de execución sen ter presentado a xustificación dos traballos subvencionados a que se fai referencia no artigo 18, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da solicitude no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro das cantidades percibidas e poderá supor a apertura dun expediente sancionador segundo se establece na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

8. Así mesmo, no caso de ter presentada a xustificación dos traballos subvencionados se a persoa beneficiaria for requirida para presentar documentación adicional e non aportar esa documentación no prazo establecido no requirimento, perderá o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención.

9. No caso de que durante a elaboración do instrumento de ordenación se vise a necesidade de xerar un novo código de instrumento e tramitar este en Xorfor en lugar do inicialmente previsto no expediente de subvención, deberán notificalo no procedemento MR462B e indicar o código de instrumento inicial, o novo e as razóns que motivaron o cambio. De non facelo así, procederase á tramitación da perda do dereito ao cobramento da subvención concedida.

10. Nos montes que veñan de sufrir incendios, desastres naturais ou catástrofes (con posterioridade á solicitude de aprobación do IOXF), que causasen a destrución de, cando menos, o 20 % do potencial forestal obxecto de ordenación ou xestión, informe técnico asinado por persoal técnico competente en materia forestal que cuantifique a superficie afectada polos danos, con referencia ao período en que aconteceu o dito dano.

Artigo 18. *Xustificación dos traballos subvencionables*

1. A data límite de xustificación dos traballos é a establecida no artigo 17.1 e só serán subvencionables os investimentos que se realicen e dos cales se xustifique o seu gasto (factura) e o pagamento (xustificante de pagamento) con posterioridade á data de solicitude de subvención e como límite a data de solicitude de cobramento. Polo tanto, as facturas e os xustificantes de pagamento deberán ter datas entre o día seguinte ao da solicitude e a data de solicitude de cobramento.

2. Malia o anterior, no caso de que a persoa beneficiaria da axuda se acolla á cesión do dereito de cobramento, establecido no número 3 do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considerarase efectivamente pagado o gasto coa cesión do dereito de cobramento da subvención a favor das persoas cesionarias, presentada de acordo coa letra d) do punto 3 deste artigo.

3. Para xustificar a realización dos traballos subvencionados e solicitar o cobramento, deberá presentar a solicitude de cobramento (anexo XI) e achegar a seguinte documentación:

a) Unha memoria xustificativa que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

1º. Contía da subvención para a cal solicita o cobramento (para o cálculo desta terase en conta as superficie de inventario e superficie arborada segundo se indica no anexo III de estrutura das táboas de atributos en formato *shapefile*).

2º. Un detalle doutros ingresos ou axudas que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia e co balance final do proxecto (ingresos e gastos). E no caso de non telos, declaración expresa do beneficiario a este respecto.

3º. As diferenzas existentes entre o reflectido nos shapes da solicitude de subvención e os incluídos no instrumento presentado en Xorfor, de ser o caso.

b) Para os PO, DCX e DSX, os beneficiarios deberán cargar o instrumento na aplicación Xorfor e presentar a solicitude administrativa cursada para a súa aprobación polo órgano forestal (procedementos MR627A, MR627B e MR627C). Non serán válidos aqueles que se atopen en estado de borrador en Xorfor na data de presentación da solicitude de cobramento, deberán figurar como presentados. No caso das AMS, os beneficiarios deberán facer a adhesión a través do procedemento MR627D e deberá figurar como validada.

c) Xustificantes de gasto (facturas) e xustificantes de pagamento, estes últimos no caso de non ter cesión do dereito de cobramento da axuda cun terceiro. As instrucións para a presentación dos xustificantes de gasto e de pagamento indícanse no anexo VIII.

d) No caso de cesión do dereito de cobramento da axuda cun terceiro:

1º. Comunicación do dereito de cobramento, conforme o modelo que figura no anexo IX desta orde. No caso de que o cesionario do dereito de cobramento sexa unha CMVMC, o devandito anexo asinarao o presidente da CMVMC en nome da comunidade, pero deberá constar o certificado do secretario da comunidade no cal indique que a asemblea xeral autorizou, expresamente, o presidente para asinar a dita cesión de cobramento.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



2º. Copia do documento público ou privado no cal se formalizou a cesión. No caso de documento privado, este deberá estar asinado electronicamente. No caso de documento público, xustificación da liquidación do imposto de transmisións patrimoniais de actos xurídicos documentados (ITPAXD).

3º. Copia do DNI/NIE da persoa cesionaria (se for o caso e non autoriza a súa consulta).

4º. Copia do NIF da entidade cesionaria (se for o caso e non autoriza a súa consulta).

5º. Copia do DNI/NIE da persoa representante da persoa cesionaria (se for o caso e non autoriza a súa consulta).

4. No caso de PO, DCX e DSX, tramitarase o pagamento da axuda cando o informe técnico realizado polo persoal da dirección xeral competente en materia de montes sexa favorable e estea completa toda a documentación establecida no artigo 18.3 e se cumpran todos os requisitos da orde. No caso das AMS, tramitarase o pagamento no momento en que estea completa toda a documentación establecida no artigo 18.3 e se cumpran todos os requisitos da orde.

Artigo 19. *Revogacións e reintegros*

1. A axuda reintegrarase, se for o caso, total ou parcialmente, se se dá algún dos seguintes supostos:

a) Se se dá algunha das causas de reintegro sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

d) Execución de menos do 80 % do importe aprobado, unha vez realizada a certificación final, sen autorización ou causa xustificada excepcional ou de forza maior. Para estes efectos considéranse causas excepcionais ou de forza maior o falecemento da persoa beneficiaria, a incapacidade laboral de longa duración da persoa beneficiaria, unha catástrofe grave que afectase gravemente a explotación forestal, unha enfermidade vexetal que afectase unha parte ou a totalidade da masa arbórea da persoa beneficiaria, ou a expropiación



da totalidade ou dunha parte importante da explotación forestal, se esta expropiación non era previsible o día en que se presentou a solicitude.

e) Incumprimento dos prazos para realizar os traballos subvencionados fixados na notificación de aprobación do expediente ou, se é o caso, da prórroga concedida.

f) Modificacións graves das accións previstas, de forma que desvirtúen os obxectivos descritos nesta orde.

g) Incumprimento do ditado en calquera dos artigos desta orde que implique obrigas por parte do beneficiario.

Nestes supostos, a consellería competente no medio rural reclamará directamente a devolución das cantidades aboadas en concepto de axudas e os xuros de demora que se calcularán conforme a normativa vixente, en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non se poderá fixar en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución, sen prexuízo das responsabilidades que procedesen.

Se se descobre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de axuda de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recupéranse todos os importes que fosen aboados polo dito expediente.

Os beneficiarios desta convocatoria de axudas que non executen as accións previstas, salvo renuncia do beneficiario por forza maior, quedaran excluídos das próximas dúas convocatorias de axuda.

h) Así mesmo, se no caso de que nos controis administrativos sobre a solicitude de pagamento, controis sobre o terreo e a posteriori nos cinco anos posteriores ao pagamento da axuda se verifica que non se cumpren as condicións para obter a puntuación aplicada na concorrência competitiva para a aprobación dos expedientes e non se acada a puntuación mínima exixida para esa aprobación, suporá un incumprimento dos compromisos da aprobación e igualmente levará como consecuencia a perda do dereito ou o reintegro da axuda.

2. Naqueles supostos en que o importe das subvencións recibidas polo beneficiario exceda os custos da actividade, solicitarase a devolución da cantidade percibida que exceda o custo real da actividade.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



3. No caso de pagamento indebido, o beneficiario quedará obrigado a reembolsar o importe en cuestión, ao cal se engadirán, de ser o caso, os xuros conforme o disposto no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo. Os xuros calcularanse en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pagamento para o beneficiario, indicado na orde de recuperación, que non poderá superar os 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

Artigo 20. *Controis*

1. A consellería competente no medio rural realizará os controis sobre o terreo, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. O beneficiario e a persoa cesionaria do dereito de cobramento, se for o caso, comprométense a someterse ás actuacións de control que deba efectuar a consellería competente no medio rural, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, de acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás instancias comunitarias de control derivadas da aplicación dos regulamentos de execución (UE) nº 808/2014 e 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, e nº 1242/2017 da Comisión, do 10 de xullo, que modifica o Regulamento de execución (UE) nº 809/2014.

3. Seralles de aplicación ás axudas recollidas nesta orde e non se poderá efectuar ningún pagamento sen que antes se realizasen os controis establecidos no punto 4 deste artigo, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas nos regulamentos de execución (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, e 1242/2017 da Comisión, do 10 de xullo.

4. A consellería competente no medio rural, ao abeiro do establecido nos anteriores regulamentos e demais normativa, realizará controis administrativos a todas as solicitudes de axuda e de pagamento con respecto a todos os aspectos que sexa posible controlar en relación coa admisibilidade da solicitude. Respecto dos controis sobre o terreo, realizaranse antes do pagamento final e seleccionaranse sobre unha mostra que representará como mínimo o 5 % dos gastos mencionados no artigo 46 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, cofinanciados polo Feader e que se reclaman ao organismo pagador cada ano natural. Realizaranse tamén controis a posteriori, de acordo co establecido no artigo 52 do Regulamento de execución (UE) nº 809/2014.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



5. Respecto das ofertas presentadas a que se fai referencia no artigo 12 e de acordo co artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os provedores desas ofertas estarán obrigados a prestar colaboración e facilitar tanta documentación lles sexa requirida e, sobre todo, a necesaria para verificar a posible vinculación entre eses provedores.

Artigo 21. *Financiamento*

1. As accións previstas nesta orde financiaranse, nos exercicios 2022 e 2023, con cargo aos seguintes códigos de proxecto:

a) 14.03.713B.770.0.2016 00209, por un importe de 6.000.000,00 €, distribuídos en 600.000,00 € no ano 2022 e 5.400.000,00 € no ano 2023.

b) 14.03.713B.760.0.2016 00209, por un importe de 10.000,00 € distribuídos en 1.000,00 € no ano 2022 e 9.000,00 € no ano 2023

Dentro de cada tipo de beneficiario segundo o tipo de traballo distribúese o crédito consoante o disposto no artigo 22.

2. Esta orde tramítase conforme o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativas á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

3. Este orzamento pode verse incrementado con remanentes adicionais de acordo coas dispoñibilidades de crédito. En todo caso, as concesións limitaranse ás dispoñibilidades orzamentarias. A consellería competente no medio rural poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



4. Estas axudas financiaranse con cargo ao Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cunha achega do Feader do 75 %, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 7,5 % e da Xunta de Galicia do 17,5 %.

Artigo 22. *Distribución do crédito*

1. Resérvanse as seguintes porcentaxes da dispoñibilidade orzamentaria indicada no artigo 21.1.a), segundo o tipo de beneficiario:

a) Grupo a.1 Propietarios particulares de xeito individual: 20 %.

b) Grupo a.2 Asociacións e agrupacións de propietarios particulares, cooperativas agrarias, pro indivisos, comunidades de bens, Sofor e outras persoas xurídicas: 40 %.

c) Grupo a.3 CMVMC e montes de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo: 40 %.

Para as entidades locais, resérvase o 100 % da dispoñibilidade orzamentaria indicada no artigo 21.1.b).

2. Dentro de cada tipo de beneficiario segundo o tipo de traballo, distribúese o crédito do seguinte xeito:

a) Beneficiarios dos grupos a.1 e a.2:

1º. Superficie de ordenación ou xestión <25 hectáreas: 25 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.

2º. Superficie de ordenación ou xestión entre 25 e 100 hectáreas: 50 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.

3º. Superficie de ordenación ou xestión máis de 100 hectáreas: 25 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.

b) Beneficiarios do grupo a.3:

1º. Superficie de ordenación ou xestión <100 hectáreas: 10 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.



2º. Superficie de ordenación ou xestión entre 100 e 249,99 hectáreas: 35 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.

3º. Superficie de ordenación ou xestión entre 250 e 499,99 hectáreas: 30 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.

4º. Superficie de ordenación ou xestión entre 500 e 999,99 hectáreas: 20 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.

5º. Superficie de ordenación ou xestión máis de 1.000 hectáreas: 5 % da dispoñibilidade asignada ao grupo.

2. No caso de que, unha vez priorizados os expedientes solicitados, non se consuma a totalidade do importe establecido polas distintas porcentaxes de cada tipo de beneficiario e tipo de traballo na distribución do crédito detallado no punto 1, os importes sobrantes dos distintos puntos pasarán aos demais para facer fronte aos expedientes solicitados.

Artigo 23. *Infraccións e sancións*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento (UE) nº 640/2014 da Comisión, do 11 de marzo, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta ao sistema integrado de xestión e control e ás condicións sobre a denegación ou retirada dos pagamentos e sobre as sancións administrativas aplicables aos pagamentos directos, á axuda ao desenvolvemento rural e á condicionalidade, no Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, e no Regulamento de execución (UE) nº 2017/1242 da Comisión, do 10 de xullo, que modifica o Regulamento de Execución (UE) nº 809/2014.

Artigo 24. *Alteración de condicións*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, para a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



Artigo 25. Obrigas

1. O beneficiario da axuda e o solicitante está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos de control da Consellería competente no medio rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e as instancias de control comunitarias no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, e a levar un sistema de contabilidade separado, ben un código contable adecuado para todas as transaccións relativas ás axudas solicitadas ao abeiro desta orde, onde se constatará o investimento efectivamente pagado antes do remate do prazo de execución.

2. O beneficiario está obrigado a someterse a calquera actuación que a Administración concedente poida realizar para comprobar a aplicación das axudas á finalidade que determinou a súa concesión, o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión e o pagamento da axuda e o mantemento das condicións establecidas nas bases reguladoras, a convocatoria e a resolución de concesión.

3. A presentación da solicitude de concesión da subvención por parte do interesado comportará a autorización á autoridade de xestión do PDR para consultar a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento dos obxectivos e prioridades.

Artigo 26. Medidas informativas e publicitarias

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a consellería competente no medio rural farase constar que estas axudas están cofinanciadas nun 7,50 % pola Administración xeral do Estado, nun 17,50 % pola Xunta de Galicia e nun 75 % polo fondo Feader.

2. Conforme o establecido no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, pola que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e a súa posterior modificación mediante o Regulamento de execución (UE) nº 669/2016 da Comisión, do 28 de abril, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo III do referido regulamento.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



Así en todas as actividades de información e comunicación que se desenvolvan, o beneficiario deberá recoñecer o apoio do Feader mostrando:

- a) O emblema da Unión.
- b) Unha referencia á axuda do Feader.

Durante a realización da operación, o beneficiario informará o público da axuda obtida do Feader, da seguinte forma:

a) Presentando no sitio web do beneficiario para uso profesional, no caso de que exista tal sitio, unha breve descrición da operación cando se poida establecer un vínculo entre o obxecto do sitio web, e a axuda prestada pola operación, en proporción ao nivel de axuda cos seus obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión.

b) No caso de operacións que reciban unha axuda pública total superior a 50.000,00 euros, colocando ao menos un panel ou unha placa con información sobre o proxecto e cos requisitos especificados no anexo VII, nun lugar ben visible para o público, onde se destaque a axuda financeira recibida da Unión así como a bandeira europea e o lema Feader: Europa inviste no rural.

Os carteis, paneis, placas e sitios web levarán unha descrición do proxecto ou da operación, e os elementos (bandeira europea e lema Feader) ocuparán como mínimo o 25 % do cartel, placa ou páxina web.

3. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 27. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluírá, igualmente, as referidas axudas

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira

As axudas concedidas nesta orde son incompatibles coas axudas para o cesamento anticipado da actividade agraria e con calquera outra para a mesma finalidade.

Disposición adicional segunda

No non previsto nesta orde observárase o disposto no Regulamento (UE) nº 1305/2013, no Regulamento de execución (UE) nº 808/2014, no Regulamento de execución (UE) nº 809/2014, no Regulamento de execución (UE) nº 1242/2017, no Regulamento delegado (UE) nº 640/2014, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, teranse en conta as circulares de coordinación ditadas polo Fondo Español de Garantía Agraria 18/2019, relativas ao Plan nacional de controis das medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado de xestión e control, e 33/2020 que establece os criterios para a aplicación de penalizacións nas medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado de xestión e control do período 2014-2020.

Disposición derradeira primeira

Facúltase ao/á director/a xeral responsable da planificación e ordenación Forestal para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para a aplicación ou o cumprimento do establecido nesta orde.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihogw5



Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO I
Definicións

Para os efectos desta orde, utilizaranse os seguintes termos:

– Por desastre natural enténdese os danos económicos sufridos na cuberta vexetal dun monte como consecuencia de pragas, enfermidades e fenómenos climáticos extremos ou outros debidamente xustificadas, sexa de forma individual ou combinada durante os 5 anos anteriores á convocatoria.

– Considéranse asociacións de persoas propietarias forestais aquelas entidades xurídicas con ou sen ánimo de lucro formalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia que teñan entre os seus fins sociais lograr unha xestión forestal sustentable para os terreos que pertencen aos seus socios/as.

– Defínense agrupacións forestais as entidades xurídicas de dereito privado legalmente constituídas que agrupen persoas propietarias forestais cunha finalidade de xestión e comercialización en común dos froitos das súas propiedades e que non teñan a condición de sociedades de fomento forestal (Sofor).

– A «superficie do monte» é a superficie total da propiedade que ten a consideración de monte ou terreo forestal. Enténdese por monte ou terreo forestal toda superficie que se axuste ao concepto establecido no artigo 2 da Lei 7/2012.

– A «superficie inicial a excluír da ordenación ou xestión». Consonte a aplicación da Xunta de Galicia de Xestión e Ordenación forestal, a superficie excluída é a suma das definidas como: [SLitix], [SEncra], [SArrenda], [SCesión], [SDerSup], [SOcupa], [SOutros], [SnonFor].

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



– A «superficie de ordenación ou xestión» é, para o instrumento que se pretende redactar, a superficie do monte, excluída a superficie onde exista conflito, dúbida ou litixio, encravados, superficies non forestais definidas no artigo 2.2 da Lei 7/2012, arrendamentos, cesións, dereitos de superficie, ocupacións e outros actos de disposición polos cales non se dispoña do terreo.

– A «superficie arborada» dentro da superficie de ordenación ou xestión, é o terreo poboado con especies forestais arbóreas con manifestación forestal dominante con fracción de cabida cuberta maior ou igual ao 10 %. Na aplicación da Xunta de Galicia de Xestión e Ordenación forestal será o sumatorio no plano D1.TaboaEstratosInv no campo [TipoEst]='111'→Monte arborizado Bosque ata [TipoEst]='134'→Monte arborizado temporalmente sen cobertura. Cortalumes.

– A «superficie inventariable» é a parte da superficie arborada ocupada por estratos de inventario que previsiblemente vaian van ser obxecto de aproveitamento final, na súa totalidade ou parcialmente, durante o plan especial, quedando excluídas as claras. Na aplicación da Xunta de Galicia de Xestión e Ordenación forestal serán os estratos cuxos valores dasométricos teñan o valor «SI» no campo [CortaFinal].

ANEXO II

Cadro de importes máximos subvencionables

S_{ord} = superficie de ordenación ou xestión (hectárea).

S_{arb} = superficie arborada (hectárea).

S_{inv} = superficie inventariable (hectárea).

Id	Descrición IOXF	Importe máximo (€)
PO	Proxectos de ordenación	Establécese un importe máximo subvencionable consonte a seguinte fórmula: $(9,1 \times S_{arb}) + (84,4 \times S_{inv}) + 3.252,6$
DCX	Documentos compartidos de xestión	Establécese un importe máximo subvencionable consonte a seguinte fórmula: $(9,1 \times S_{arb}) + 3.252,6$
DSX	Documentos simples de xestión	Establécese un importe máximo subvencionable consonte a seguinte fórmula: $((9,1 \times S_{arb}) + 3.252,6) \times 0,75$
MS	Comunicación de documentos de adhesión expresa a referentes de boas prácticas e aos modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos	Establécese un importe máximo subvencionable de 30,00 € por cada referencia catastral que se adhira.



ANEXO III

Estrutura das táboas de atributos en formato *shapefile*

Na memoria técnica que se ten que presentar, incluíranse dúas capas en formato shape que deben conter 4 arquivos (.shp, .shx, .dbf e .prj), que se presentarán comprimidos en formato .zip e deberán estar no sistema de coordenadas ETRS 1989 UTM ZONA 29 N (cód. EPSG:25829), como obriga a disposición transitoria segunda do Real Decreto 1071/2007:

a) Capa A2.PlanoParcCatastrais no caso de PO e DSDC1.PlanoParcCatastrais no caso de DSX ou DCX.

b) Capa D.PlanoArbInV.

A información xeográfica descrita no anexo presentárase mediante capas en formato shape cuxas táboas de atributos se describen neste anexo. Todas as capas son de tipo poligonal.

A información a incluír nestes shapes pode variar segundo as modificacións que se podan facer na aplicación Xorfor. No caso de que sexa así, a aplicación informará dos novos requisitos que deben cumprir os ficheiros a cargar.

Proxectos de ordenación (PO).

A. Táboa de atributos da capa de parcelas catastrais. Shape diferenciando as superficies ordenadas das excluídas por referencia catastral.

Campo	Tipo	tamaño	Precisión	Descrición
IDXF	Texto	11	0	Código que asigna a propia aplicación Xorfor de forma automática.
IDMONTE	Numérico	5	0	Campo de obrigado cumprimento no caso de montes públicos, protectores, xestión pública ou MVMC. Obtense da táboa de Rexistro de Montes.
IDPREDIO	Numérico	2	0	Código correlativo (1, 2, 3,..., 99).
REFCAT	Texto	14	0	Código da Referencia Catastral obtida do visor de Catastro.
SLitix	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) en conflito, dúbida ou litixio.
SEncra	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de encravados.
SArrenda	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de arrendamentos a excluír da ordenación.



Campo	Tipo	tamaño	Precisión	Descrición
SCesion	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de cesións a excluír da ordenación.
SDerSup	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de dereito de superficie a excluír da ordenación.
SOcupa	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de ocupacións a excluír da ordenación.
SServi	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de servidumes que se incluírán na ordenación.
SOutros	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) doutro tipo de actos de disposición a excluír da ordenación.
SNonFor	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) non forestal definidas no artigo 2.2 da Lei de montes de Galicia.
SXPublica	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) cun convenio, consorcio ou outro tipo de contrato de xestión pública coa Administración.
SXPropia	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) que non é obxecto de contrato de xestión pública coa Administración, p.ex. aproveitamentos silvopastorais que se consideren incluídos no instrumento de ordenación.

* Máximo 6 decimais e mínimo 4 decimais.

Asociada á táboa de atributos incluírase unha táboa cuxa estrutura se presenta a continuación. Ambas estarán vinculadas polo campo REFCAT.

Campo	Tipo	Tamaño	Precisión	Descrición
IDPREDIO	Numérico	2	0	Código correlativo (1, 2, 3,..., 99).
REFCAT	Texto	14	0	Campo identificativo de cada unha das referencias catastrais.
NIF	Texto	9	0	NIF/CIF do titular.
CodTit	Texto	5	0	Código para o tipo de titularidade: «PROPI», para persoas propietarias. «TITUL», para persoas non propietarias. «REPRE», representante (só no caso de MVMC).
Apellido1, titular	Texto	255	0	Titular: primeiro apelido.
Apellido 2, titular	Texto	255	0	Titular: segundo apelido.
Nome, titular/ razón social	Texto	255	0	Titular: nome ou razón social.
Porcentaxe	Numérico	5	2	Porcentaxe sobre a parcela catastral que corresponde ao titular.

CVE-DOG: x1omvhe6-dvy1-rzx4-o2d7-ouwzsihoggw5



B. Táboa de atributos da capa de superficie arborada e inventariable.

Shape coas superficies de superficie arborada e superficie inventariable, en hectáreas, dentro da superficie de ordenación e que serán de utilidade para o cálculo de importes máximos subvencionables.

Campo	Tipo	Tamaño	Precisión	Descrición
IDXF	Texto	11	0	Código que asigna a propia aplicación Xorfor de forma automática.
IDMONTE	Numérico	5	0	Campo de obrigado cumprimento no caso de montes públicos, protectores ou MVMC. Obtense do Rexistro de Montes.
IDPREDIO	Numérico	2	0	Código correlativo (1, 2, 3,..., 99).
SArb	Numérico	10	4/6*	Dentro da superficie ordenación ou xestión, é o terreo poboado con especies forestais arbóreas con manifestación forestal dominante con FCC $\geq 10\%$. Dato en hectáreas. Deberase introducir un único rexistro, sen solaparse coa superficie de inventario. En Xorfor se corresponde cos datos da táboa D1.TaboaEstratosInv no campo [TipoEst]='111'→Monte arborizado. Bosque ata [TipoEst]='127'→Monte arborizado ralo. Alineacións estreitas.
SInv	Numérico	1	0	Dentro da superficie arborada é a parte ocupada por estratos de inventario que previsiblemente vaian ser obxecto de aproveitamento final, na súa totalidade ou parcialmente (claras excluídas), durante o plan especial. Deberase introducir un único rexistro, sen solaparse coa superficie arborada. En Xorfor serán os estratos cuxos valores dasométricos teña o valor "SI" no campo [CortaFinal]. [SInv]='0'→[CortaFinal]='NON' e [SInv]='1'→[CortaFinal]='SI'

* Máximo 6 decimais e mínimo 4 decimais.

Documento simple ou compartido de xestión (DSX-DCX):

A. Táboa de atributos da capa de parcelas catastrais. Shape diferenciando as superficies ordenadas das excluídas por referencia catastral.

Campo	Tipo	Tamaño	Precisión	Descrición
IDXF	Texto	11	0	Código que asigna a propia aplicación Xorfor de forma automática.
IDMONTE	Numérico	5	0	Campo de obrigado cumprimento no caso de montes públicos, protectores, xestión pública ou MVMC. Obtense da táboa de Rexistro de Montes.
REFCAT	Texto	14	0	Código da referencia catastral obtida do visor de catastro.
SLitix	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) en conflito ou litixio.
SEncra	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de encravados.



Campo	Tipo	Tamaño	Precisión	Descrición
SArrenda	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de arrendamentos a excluír da ordenación.
SCesion	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de cesións a excluír da ordenación.
SDerSup	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de dereito de superficie a excluír da ordenación.
SOcupa	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de ocupacións a excluír da ordenación.
SServi	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de servidumes que se incluírán na ordenación.
SOutros	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) de outro tipo de actos de disposición a excluír da ordenación.
SNonFor	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) non forestal definidas no artigo 2.2 da Lei de montes de Galicia.
SXPublica	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) cun convenio, consorcio ou outro tipo de contrato de xestión pública coa Administración.
SXPropia	Numérico	10	4/6*	Campo de obrigado cumprimento no caso de existir superficie (ha) que non é obxecto de contrato de xestión pública coa Administración, p.e. aproveitamentos silvopastorais que se consideren incluídos no instrumento de ordenación.

* Máximo 6 decimais e mínimo 4 decimais.

